

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/05	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de MAIO de 2021
Duración	Desde as 21:00 ata 22:35 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Non se procede á aprobación da sesión ordinaria do Pleno do 29.04.2021, quedando pendente de aprobación para o vindeiro Pleno.

2. Expediente 312/2020. Contratacións.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González expón á proposta do acordo indicando que xa na Comisión foi tratado o tema e trátase dun trámite administrativo relacionado co contrato de mellora enerxética de diversos alumeados exteriores no Concello de Outes que pola súa contía, ascende a máis de 900.000€, o órgano de contratación é o Pleno. Ao ser o órgano de contratación o Pleno nos PCAP establécense unha serie de procedementos que débeos facer o Pleno para maior garantía. Entre eles requirirille á empresa que resultou adxudicataria deste contrato, CYMI S.A., proceder á mesma para facer efectivo este contrato.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que resultando a empresa á que se lle require a documentación previa á adxudicación definitiva a que segundo as actas da mesa de contratación resultou a oferta máis vantaxosa, o noso grupo non ten nada máis que dicir ao respecto. Continúa indicando que o seu grupo si que viu no expediente que unha das empresas que se presentou á licitación que lle require ao Concello acceso ao expediente porque ten dúbidas con respecto ao



resultado do mesmo e queremos que nos aclarase se iso pode influír dalgunha maneira no proceso. E o que quixeramos facer notar unha vez máis é a lentitude coa que o goberno municipal abordada a maior parte os asuntos do Concello, tendo neste caso que pedir ao IDAE unha prorroga extraordinaria por non ser quen de sacar a licitación do proxecto con suficiente tempo e antelación para poder cumprir os prazos esixidos. Desta vez saúlles ben e esta prorroga foi concedida pero non ten porque ser así, a nós gustaríanos que o goberno tomase nota e que se puxera a traballar como é debido e que mellorase os tempos das actuacións municipais.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que o seu grupo que unha vez revisada a información que se lles facilitou sobre esta contratación temos tamén dúbidas como sinalou a compañeira do PP no expediente. Posto que nós nun momento dado votamos a favor, xa que, é necesaria unha mellora enerxética e máis rendible para o Concello e que nos parece unha boa inversión. Parécenos que ata aí xa cumprimos, a partir de agora cremos que é responsabilidade do goberno o que é a contratación en si.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do Partido Socialista indica que o seu grupo con respecto á aprobación polo Pleno desta contratación ponse nas mans dos órganos competentes que ditaminaron vostedes e como non temos máis que dicir esperemos que non haxa ningún tipo de problema e que se leve a cabo canto antes dita actuación.

Toma a palabra o Sr. González indica que para aclarar a alusión que fixo a voceira do PP, en calquera licitación é común que as empresas que non resultan adxudicatarias soliciten información sobre as puntuación nos distintos aspectos valorados e iso esta regulado na LCSP e tamén as consecuencias e alí se establecen, como en calquera proceso de licitación. Nos témonos que ater a normativa de contratos e o que din os PCAP.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención



ACORDO

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada na data que figura no encabezamento, tralo correspondente debate, ACORDA:

PRIMEIRO.- Requerir á mercantil CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI S.A., CIF: A59920330, para a presentación a documentación previa á adxudicación definitiva, por ser o licitador que presenta a mellor oferta, consonte á cláusula 18 do PCAP que rixen esta licitación.

SEGUNDO.- No caso de que o licitador proposto no punto anterior non presentara en tempo e forma a documentación requerida, proceder a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte pola orden na que quedaron clasificadas as ofertas, consonte coa antedita cláusula 18 do PCAP.

4. Expediente 777/2019. Procedemento xenérico.

Favorable

Tipo de votación

- **Moción do Partido Socialista:**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a política do Goberno galego en relación coa atención sanitaria no sistema público de atención primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos a xestión da sanidade galega está sendo fortemente criticada. Xa con anterioridade á pandemia o goberno que preside Alberto Núñez Feijóo fora censurado polas principais organizacións sanitarias, ata o punto de ter que cambiar ao conselleiro de Sanidade pola deficiente xestión que arrastraba.

Despois de máis dun ano de pandemia podemos presumir do noso sistema sanitario grazas ao traballo impagable e incansable dos seus e das súas profesionais en canto á atención hospitalaria, a pesares dos déficits de xestión do goberno galego.



A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permite estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis preto.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior para poder chegar os servizos sanitarios á poboación.

A xestión da atención primaria na sanidade pública non gozaba de boa saúde antes da pandemia. Dende marzo de 2020 a situación desta xestión en atención primaria agravouse exponencialmente, xa que se suspenderon a práctica totalidade das consultas presenciais.

As barreiras actuais de acceso aos Centros de Saúde de atención primaria xunto ás dificultades mesmo para comunicarse cos profesionais destes centros afecta á saúde da poboación e xera un malestar tanto no persoal sanitario como a nivel social. A maiores esta situación provoca unha maior utilización da sanidade privada o que significa, sen dúbida algunha, unha desigualdade no acceso á atención sanitaria.

No caso sinalado do noso Concello , a atención primaria realízase con 6 médicos/as para atender a unha poboación de 6.400 habitantes.

Polo anteriormente exposto, o pleno do Concello de Outes acorda solicitar á Xunta de Galicia:

1. A reapertura inmediata dos centros de atención primaria para consultas e atención aos doentes limitando as consultas telefónicas aos trámites para os que foron creados e que non precisen da consulta do persoal profesional médico.

DEBATE



Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP que indica que aínda que o seu grupo non comparte certos aspectos da parte expositiva da moción si que consideramos que é necesario que se axilice a normalización da atención presencial nos centros de saúde salvagardando sempre a saúde colectiva de tódolos usuarios.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que comparten plenamente a moción presentada e só ratificar unha serie de puntos. A atención telefónica estaba planificada anteriormente á pandemia e xurde na pandemia porque atopou na mesma a escusa perfecta, pero era unha planificación ideada para recortar os recursos e o número de traballadores do sistema sanitario. Empezou a recortar primeiramente pola atención primaria, unha atención primaria que ten maior relevancia nos concellos rurais como o noso. Efectivamente a atención primaria supón nos concellos rurais a proximidade da asistencia sanitaria e é unha atención prioritaria, pero non está sendo socavada, esta indo máis alá. A atención está sendo dende fai tempo de xeito telefónico de maneira que un especialista en pulmón ou un anestesista ou calquera tipo de especialidade pode darche un diagnóstico ou facerche unha historia clínica telefonicamente. O señor Feijoo non acaba de entender que no referente á sanidade hai melloras que coa dixitalización veñen moi ben pero hai outra parte da atención sanitaria que non cabe a informatización porque se trata con persoas. Por todo isto pedimos ao compañeiro do PSOE que incluíra tamén a apertura da atención presencial nas citas dos especialistas non só nos de atención primaria.

Toma a palabra o Sr. González que indica que eles tamén están de acordo no espírito desta moción e que na mesma liña que apuntaron os outros grupos estamos de acordo que reforzar a atención é básico porque é o máis achegado e porque pode axudar a que non estea tan saturada. Se ben a presencialidade é a atención primaria nos centros de saúde, xa que, pouco a pouco estase volvendo á situación de normalidade debe volverse a primar a presencialidade.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista que indica que escoitar a opinión dunha persoa pertencente ao sector sanitario sempre é unha satisfacción. Agradecería que o seu comentario, que vouno incluír na atención primaria como na especializada, que fosen vostedes un pouco máis amables e falalo na Comisión correspondente e cambialo antes. Todos estamos de acordo en que a atención presencial é urxente e necesaria.

Toma a palabra o Sr. Gonzalez para indicar que entende que o acordo que propón



cambiar é a reapertura inmediata dos centros de atención primaria e especializada para consultas.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que e atención aos doentes de forma presencial e que xa que se aumenta ese detalle.

Deste xeito o acordo queda do seguinte xeito: 1. A reapertura inmediata dos centros de atención primaria e especializada para consultas e atención aos doentes de forma presencial limitando as consultas telefónicas aos trámites para os que foron creados e que non precisen da consulta do persoal profesional médico.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

- **Moción do Partido Socialista:**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte

MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Como ben explicamos no pleno do mes pasado, o uso dos remanentes debe servir para apoiar aos sectores económicos danados pola crise e para executar novos proxectos que contribúan á revitalización económica do noso concello, por eso hoxe traemos aquí unha moción que creemos que vai dirixida a estes fins.

Dende o grupo socialista de Outes estamos concienciados de que a crise do COVID - 19 arrasou parte dos nosos negocios e afectou a moitos veciños e



veciñas que sen remedio viron como os seus negocios ou parte deles se viron minguados nas súas vendas e ingresos e por eso xa dende o concello demos unhas axudas que aínda que insignificantes, puxémolas enriba da mesa xa que desexábamos poder axudar en algo e fixemos o que poidemos o ano pasado. Pois este ano queremos propoñer unha axuda dirixida a todos aqueles veciños e veciñas que queiran montar unha empresa ou negocio no noso concello e para eso instamos a que tódolos membros desta corporación se sumen a esta nova proposta e levar así adiante algo que consideramos bo e necesario tanto dende o punto de vista económico como demográfico para o noso concello, xa que cantos mais negocios teñamos no concello máis posibilidade de medrar teremos, e por isto instamos a esta corporación a aprobar o seguinte acordo:

- 1.- Levar a seguinte Comisión de Contas unha aprobación para este fin de 300,000 € dos remanentes para a superación derivada da crise do Covid 19.
- 2.- Aprobar unha axuda de 7.000 € para todas aquelas empresas e negocios que se establezan no noso concello con carácter retroactivo a 1 de xaneiro do 2021.
- 3.- Establecer unhas bases para estas axudas nas que se inclúa calquera gasto de montaxe, adecuación de local, equipación informática etc, para estas axudas sempre e cando non se recibiran outras axudas para o mesmo fin ou nas que consten as mesmas facturas.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que ao seu grupo preséntanselle unha serie de dúbidas con respecto a súa moción, unha delas é que non sabemos se é posible utilizar 300.000€ do remanente municipal para o fin que propoñen polo que nos gustaría contar con informes legais de Secretaria ou Intervención que proceden onde se manifesten sobre este asunto. Outra dúbida que temos é sobre a fórmula en canto á participación dos diferentes grupos políticos que se utilizaría para a redacción das bases das axudas ás que fai referencia e o sistema de aprobación das mesmas. E meténdonos no espírito da moción o noso grupo avoga pola axuda de creación de emprego no Concello pero pensamos que a creación de emprego non pasa soamente polo establecemento de novas empresas no noso territorio senón tamén polo apoio xa existentes nel, e a estas últimas vostede na súa moción no nas ten en conta. Cremos que deberían ser incluídas na súa proposta, xa que, se o espírito da súa moción é a creación de emprego e o asentamento da poboación no noso concello,



todo o tecido empresarial tanto o existente como o de nova creación xogaríu un papel fundamental na consecución deses obxectivos. Polo tanto, se se variase e se fixeran as outras dúas que dixemos poderíamos pensar mudar a nosa postura nesta moción.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que o seu grupo ante esta tamén temos certas dúbidas, feito que foi reflectido na propia Comisión na que se nos informou e que as axudas ao emprendemento deberían pasar pola aprobación de Secretaría e de Intervención e non aparece recollido. Logo o que vemos e que é unha moción que esta presentada como empezando a casa polo tellado. Non podemos caer en incoherencias, non podemos recriminarlle ao goberno que bote man dos remanentes sen xustificación e sen negociación previa e logo facelo tódolos grupos da corporación. A nós non nos parece un xeito de actuar coherente, gustaríanos que unha enmenda de tal calibre como é o acordo ao emprendemento, e estando de acordo en ampliálo, xa que, hai moitas empresas que levan anos intentando sobre vivir no noso concello e que tamén deberían ser valoradas e tidas en conta. O BNG apostamos polo mantemento de emprego, pola creación de novo emprego e aínda sendo conscientes de que a mellor maneira de crear emprego non é só darlle unha contía económica senón que é necesario unha planificación estratéxica en determinados sectores do noso Concello. Mellorar as comunicacións en redes viarias ou por dunha vez en marcha o chan industrial, que tamén é unha maneira de apoiar aos emprendedores.

Aínda así con todo o exposto nós presentamos unha enmenda oral a esta moción e si o PSOE de Outes está disposto a abrir unha mesa de negociación co resto dos grupos deste Pleno e establecer unhas bases reguladoras poderíamos tentar sacar adiante unha moción deste calibre, pero poñer unha cifra de 300.000€ de uso de remanentes é unha cantidade xa fixada de 7.000€ a cada empresa e non contar coas que levan anos loitando por ter a porta aberta, parécenos pouco coherente.

Toma a palabra o Sr. González que indica que en primeiro lugar alegrámonos que neste Pleno tódolos grupos manifesten que é importante para o Concello incida directamente no emprendemento porque non era a práctica nos últimos anos, temos unha labor moi importante. Estamos desenvolvendo accións dentro do Concello. Este tipo de axudas tamén sería unha parte máis da estratexia que estamos tratando de impulsar. Nós a creación e axudar ao emprendemento era unha das axudas que levabamos no noso programa e tal é así que dende hai meses que o noso axente de desenvolvemento local esta traballando nunhas bases para apoiar o emprendemento no noso Concello. Teño que engadir que se



non tivemos ata o momento unha liña de axudas para o emprendemento foi porque seis meses despois de entrar no goberno estoupou a pandemia máis importante e houbo que poñerse a traballar nun tipo de axudas para aqueles que se viron afectados pola mesma.

Continúa indicando que creen que o que teñen que facer máis alá de establecer cantidades e carácter retroactivo ou non e de facelas universais ou non, o que temos que facer é concretar unhas bases. Esas bases que non temos ningún problemas en que sexan negociadas, entre outras cousas, porque teñen que ser aprobadas en Pleno. Temos que ter en conta que esas bases teñen que pasar un determinado filtro que é a legalidade e idoneidade, xa que, temos certas limitacións á hora de realizar certas competencias que poden recaer noutras administracións e ao mellor argumentando unha situación extraordinaria poden solventarse. Polo tanto, esas bases non é só a intención senón que teñen que pasar ese filtro. Creo que vai na liña que os outros grupos apuntaron, deberíamos centrarnos en redactar unhas bases de apoio ao emprendemento pero pódense falar e discutir en ampliar pero sen establecer ningún tipo de cantidades. Non temos problema se o grupo socialista cambia a súa proposta nese sentido. Crear unha comisión para elaborar unhas bases para o apoio ao emprendemento do Concello e poñernos a traballar é un pouco o que transmitimos na Comisión.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que en primeiro lugar case todos estades de acordo e todos falades nas empresas existentes, por suposto que o Partido Socialista pensou en ampliar as axudas a todos, pero falando con axentes xurídicos creáronnos un pequeno problema antes de tempo. Como no noso Concello houbo axudas nas empresas xa existentes polo tema do COVID poderíamos tropezar xustamente coa legalidade de Secretaría como de Intervención. É máis factible aprobar unhas axudas dentro desa legalidade se só se crean para empresas novas. Nós claro que queríamos darlle axudas a todo o mundo, pero dende ese punto de vista falando con axente xurídico dixéronnos tramitar a moción así e que pode ter menos trabas para saír adiante. Non digo que despois non se poidan meter outras coas empresas existentes. Ese é o motivo polo cal o Partido Socialista non incluíu nesta moción as empresas existentes.

Por outra banda, vexo que falaban todos de crear unha mesa de negociación polo tema das bases e tendes ese mesmo problema, o partido socialista non ten problema ningún en falar as bases entre todos. O único que estou disposto a cambiar na moción que lles presento é: onde pon aprobar unhas bases que



axuden a sufragar unha porcentaxe cambiar para poñer aprobar a redacción dunhas bases levadas a cabo ou de acordo con todos os grupos políticos.

Saben que o Partido Socialista é o único partido político no noso Concello que se desdía das súas mocións para levalas a cabo entre todos adiante e as modifica sen problema ningún, queremos un consenso total. Entón estamos de acordo en aprobar a redacción desas bases levadas a cabo por unha Comisión creada por todos os grupos políticos, o resto vai como está.

Toma a palabra o Sr. González que indica que por resumir, o grupo Socialista o que vai a cambiar unicamente no segundo punto é aprobar a redacción dunhas bases elaborados polos diferentes grupos políticos e a partir de aí todo igual.

Toma a palabra a voceira do PP que indica que o seu grupo que seguen dicindo que non están satisfeitos con ese cambio posto que cremos que o que hai que facer no Concello é crear emprego, non crear novas empresas e non ten porque ser unicamente a forma. As axudas que se deron anteriormente foron axudas diferentes, para a creación de emprego e eran axudas para paliar os efectos que tivo o COVID no tecido empresarial do Concello e se xuridicamente pode ser ou non, precisamente por iso o primeiro que dixemos foi que a Secretaría ou a Intervención quen teña que dicir se é ou non posible. Incidimos en que a creación de emprego tamén a poden facer empresas xa existentes porque non nos parece lóxico que unha empresa de Outes que sexa existente e cree dous ou tres ou un posto de traballo non teña acceso a estas xudas e si outro que veña de calquera sitio e que sexa nova empresa. Dende o noso punto de vista non ten moita lóxica. Nós coa creación da Comisión para formalizar as bases estamos de acordo pero non estamos satisfeitos se non se inclúen as empresas xa existentes en Outes.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que non vai incidir moito máis no mesmo, para nós é importante a coherencia, negociar, crear emprego en Outes e mantelo. Estamos a favor da creación desa mesa de negociación pero sempre que este disposto a retirar as contías económicas da súa enmenda, se vamos a negociar e se vamos facer unhas bases e presentalas a Secretaria e Intervención imos partir de cero co punto central de crear emprego. Os remanentes non son o peto para botar man tódolos grupos, creo que o gastos dos cartos públicos de todo aquilo que non investiu e non repercutiu na veciñanza de Outes débese gastar de xeito coherente e responsable.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que repite que as axudas que se meten na moción



a creación de emprego a empresas xa existentes pódenos denegar todo por solaparse con axudas xa establecidas por outras administracións. Entón non o meto nin o metín por iso. É dicir, non estou en contra de que haxa axudas para a creación de emprego en empresas que xa existen en Outes, simplemente que se o meto todo xunto xa sei que ten posibilidades de denegar esta opción, polo que fagamos outra moción consensuada para a creación de emprego, imos ver que pasa con esta se é legal ou non é legal. O emprego en Outes que é fundamental. As bases que di retirar os cartos establecidos, primeiro, as bases están faladas con axentes de desenvolvemento local e axentes xurídicos, é dicir, sabemos que 300.000€ parece moito pero en Outes xa estamos mais que seguros que non se van a esgotar e o dos 7.000€ está estudado que sexa algo que axude no que a creación da túa empresa e iso entraría dentro das bases.

Toma a palabra o Sr. González indica que o voceiro do Partido Socialista quédase coa proposta que fixo anteriormente e que o único punto que cambia no punto dous e a aprobación dunhas bases redactadas nunha comisión creada ao efecto, ese é o cambio.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 abstencións

PP: 5 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS

- PREGUNTAS

• Do PP:

PREGUNTA 1. Membros das asociacións culturais e deportivas do Concello que optaron á liña de axudas que o Concello concede cada ano fannos chegar que a día



hoxe non cobraron o importe concedido correspondente ao ano 2020 e que entendemos que debería ser aboado a ese ano. Preocúpannos os atrasos nestes pagos e que se converta nunha costume pola súa parte, porque o ano anterior sucedeu o mesmo e tivemos que trasladarlle tamén esta mesma queixa.

- Cal é o motivo polo que se atrasou este ingreso?
- Cando teñen pensado facerlle chegar o importe das subvencións concedidas ás asociacións beneficiarias?

Responde o Sr. González que efectivamente hai un atraso importante na hora de aboar estas axudas, as áreas encargadas na fiscalización destas axudas teñen unha carga de traballo importante e cada día as esixencias burocráticas son maiores e ese é o motivo. Esta preto a resolverse e agardamos nos vindeiros días facer efectivas estas axudas.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que máis que lamentalo ao seu partido o que lle gustaría sería que o axilizaran e que trasladaran os cartos a quen lle correspondera.

PREGUNTA 2. No pleno ordinario do mes de novembro pasado aprobáronse unha serie de créditos para actuacións a cargo do remanente de tesourería.

- Dan por rematada algunha destas actuacións? Cales son?
- Que prazos de execución teñen previstos para o remate de cada unha das obras que non están finalizadas.
- Con respecto as obras dese lote que aínda non están empezadas, en que datas teñen previsto facelo? Facer o comezo da actuación.

Responde o Sr. González indicando que desas obras hai unha delas que xa está rematada que é a da reparación da EDAR de Cando e hai outras tres que están contratadas que son: a mellora do saneamento do Cruceiro de Roo, o entronque do saneamento de en Brion de Abaixo e ampliación de abastecemento da avenida de San Pedro que acadamos que nas vindeiras semanas se comecen. Hai outras dúas son a reparación da EDAR de Outes e o saneamento de Quintela Ousesende que a primeira delas esta a piques de publicarse a licitación, cunha serie de traballos como redactar os pregos, agora están sendo informados etc. Vaise facer efectivo o convenio aprobado con Augas de Galicia para financiar parte desta obra. E no caso da outra obra estamos pendentes dos informes sectoriais que aínda non temos para poder sacar a licitación. Esperamos telas finalizadas para o 31 de decembro.



Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que o Sr. González fala da contratación da EDAR de Outes, a licitación faina Augas de Galicia ou o Concello?

Responde o Sr. González que a licitación faina o Concello, pero hai un convenio asociado que financia unha parte.

- **Do BNG:**

PREGUNTA 1. Algunha entidade deportiva tamén nos fixo chegar que o horario que se facilita no polideportivo para os adestramentos non é o máis axeitado, posto que traballan con nenos de curta idade.

- Cales son os criterios seguidos para establecer os horarios de adestramento no polideportivo?

Responde o Concelleiro de Deportes que indica que estes horarios son determinados polo Concello entre os seus técnicos deportivos e os diferentes clubs mediante reunións previas, tanto na tempada de inverno como na da verán. Os criterios que se teñen en conta son a idade dos nenos, tratamos de gardas as primeiras horas para os nenos máis pequenos na medida do posible e tamén se ten en conta como outro criterio a dispoñibilidade horaria dos adestradores como as dos monitores.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que lle parece moi curioso que sexan criterios as idades dos nenos e que responda que son consensuados nunha reunión previa cos clubs cando hai queixas que din que adestran a nenos de curta idade (6 anos e 9 anos) e se lle adxudica un horario de nove da noite mentres que hai xente máis adulta que adestra ás cinco ou ás seis da tarde, non entendemos moi ben. Primeiro eles pónennos de manifesto que non están de acordo co horario que lles adxudican e outra o criterio da idade non o teñen moi en conta polo que se ve, entón creo que estaría ben que consensuaran e tiveran en conta a idade

2ª. PREGUNTA:

PREGUNTA 2. Por parte dalgúns concellos da redonda vense entregando trampas para as velutinas, de todos é coñecido que Outes é un dos Concellos máis afectados por esta praga e que temos apicultores e hay problemas coa froita e de seguridade pola picadura da vispa en si.

- Teñen pensado acollerse tamén ao reparto destas trampas?



Responde a Tenente Alcaldesa a Sra. Quintela que indica que este Concello non é coñecedor de que exista ningún programa de reparto de trampas ao que se poida adherir o Concello. Do que si temos constancia é dun convenio que temos asinado coa Xunta para a retirada dos niños de velutina.

Toma a palabra a Sra. Suárez para indicar que si que o hai e que estaría ben que se informaran porque incluso a través da oficina agraria de Noia pode ser un referente para saber de onde veñen esas axudas. É un problema importante, non só para os apicultores senón tamén a froita.

- Partido Socialista:

PREGUNTA 1. Vimos de ver como veñen vostedes de incorporar unha nova marquesiña no lugar de Lestaio para a parada do autobús escolar. Isto é algo bo, xa que, a vella xa vedes como estaba. Pero ao Partido Socialista cónstalle que hai familias en Lestaio que nin se decataron ata que xa estaba posta e non saben porqué.

- Con cantas familias do lugar faloron vostedes para cambiar o lugar de dita marquesiña?

- Pensemos vostedes retirar a reliquia este mes ou vana deixar como monumento arquitectónico do Concello?

Responde o Sr. González que eran moi conscientes do mal estado no que estaba estivemos avaliando distintas localizacións para situar unha nova porque onde estaba había un problema importante, non era o mellor sitio. Falamos con algunhas familias e decidimos situalas noutro sitio a 60 metros da anterior, non lonxe.

Si que concedeu que o día que fixo a pregunta xa estaba retirada a marquesiña.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que o Sr. González di que faloron algunhas familias e pouca hai porque son seis, pero gustaríame que cando fagan algo o consensuen porque xa lle pasou en Pontenafonso.

- PREGUNTAS ORAIS PARA ESTE PLENO:

- **Do PP:**



1ª PREGUNTA.

No Pleno Ordinario do 28 de Maio do pasado ano aprobáronse as actuacións que se incluírían no POS+ ADICIONAL 1/2020 destinado o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID. Do reparto feito pola Deputación Provincial aos diferentes concellos, a Outes correspondíanlle 43.132,68 €. As bases deste Plan especificaban que a cantidade asignada tería carácter prepagable e que os Concellos deberían presentar antes do 31 de Marzo do 2021 un informe xustificativo dos pagos realizados ao respecto.

1.- ¿Estamos no certo se dicimos que pasado xa o prazo do 31 de marzo 2021, o Goberno do Concello non foi quen de xustificar a cantidade total que lle correspondería e pola contra deixou parte desa axuda sen utilizar, e polo tanto sen poder xustificar, tendo que devolver a contía correspondente á Deputación en detrimento do seu uso en beneficio dos veciños de Outes?

Responde o Sr. González que o grupo PP está no certo.

Indica a Sra. Molinos que lamenta non poder felicitalo polo feito.

De ser así:

2.-¿Cal foi a cantidade que deixou de empregarse?

Responde o Sr. González que en primeiro lugar creo que hai un erro e son 42.132,68 € e xustificáronse 16.583,91 € e quedaron sen xustificar polo tanto 25.558,77 €.

3.-¿Achegaron vostedes, no seu momento, aos veciños susceptibles de ser beneficiarios da axuda, información sobre a posible adhesión ás prestacións que propuxeron? Se foi así ¿Por que medios o fixeron?

Responde o Sr. González que hai que recordar que estas axudas foron axudas extraordinarias para gastos sociais e que foron xestionadas no departamento de servizos sociais. O departamento de servizos sociais ten unha base de datos moi ampla sobre os seus usuarios e consta que fixo unha difusión sobre os mesmos. Do mesmo xeito nos anunciámolo nas redes sociais e na propia páxina web do Concello e que tiñamos máis fondos para determinadas partidas.

Non se gastou todo o diñeiro que tiñamos e teméndonos a situación que se podería derivar da situación pois dotar máis recursos para gastos sociais, por exemplo a



Xunta de Galicia ampliou os fondos destinados ao servizo de atención do fogar. En Outes neste campo ampliouse a 16 persoas máis así como o programa de xantar na casa que en Outes houbo unha ducia de familias que o desfrutaron a maiores por mor da COVID. O programa da Deputación era moi taxativo á hora de determinar en que se podían faltar os cartos e eran en aquelas cuestións extraordinarias derivadas do COVID e polo tanto non todo se podía xustificar ou parar. Si que se difundiu e se chegou ata onde se podía chegar.

4.-¿En que conceptos exactos se empregou a parte da axuda que si se xustificou?

Responde o Sr. González que segundo consta documento asinado pola Interventora 1.655€ foron destinados reforzo de servizo de proximidade carácter domiciliario para garantir coidados, apoio e vinculación e houbo outros 3.589€ foron no programa de terapia ocupacional para aqueles maiores que cando pechou o centro de día precisaron atención nos seus fogares e dedicamos estes recursos a ese programa ao que se apuntou quen quixo que cumprira esas condición. Por outra banda, 8.250€ foron destinados a adquisición de EPIS e 3.077,68€ a emerxencia social e garantir ás familias. Agora mesmo temos moitos recursos para esta finalidade e o outro día fixemos difusión destas axudas e ao final tiñamos 15.000€ previsto e logo de anunciálo foi ao que chegamos.

Toma a palabra a Sra. Molinos que repite que non poden felicitalo por esa xestión das axudas que lle dan outros organismos para os veciños de Outes. Primeiro para as EPIS había 10.000€ e nin iso foron capaces de gastar só 8.000€, nin que para as traballadoras do Concello teñan para o suficiente medidas de protección nin a eso chegaron. En canto o que non o fixeron porque servizos sociais non detectou máis, vostedes tamén están para algo e unha vez visto que non se ían gastar eses cartos poderían determinar outras formas para que, por exemplo, o respiro familiar que era unha das cousas que se podía subvencionar con esta axuda chegaran a máis xente. Estamos seguros de que hai moita xente que necesita respiro familiar de outros coidadores que teñen persoas dependentes ao seu cargo que ao mellor non ven a web do Concello nin as redes sociais e que estarían moi agradecidos de que o Concello de Outes puxese á súa disposición os cartos que lle dan, neste caso a Deputación, para eles. Parécenos unha xestión nefasta desta axuda, debe ser a primeira vez que se devolve unha axuda por non dar gastado a mesma.

Toma a palabra o Sr. González que indica que non están de acordo con esa valoración, pódese facer mellor pero estamos satisfeitos. O que si que pensamos é que ao mellor e que as administracións destinan recursos para estas finalidades e



igual tiñan que pensar en coordinarse un pouco mellor. Ao final o que estamos vendo e xa veremos e veremos a nivel xeral se destinan uns recursos moi importantes para unha finalidade onde se duplican esforzos. O SAF extraordinario tiñamos o da Xunta o da Deputación e a demanda é a que temos e seguramente poderíase facer moito máis temos dúbidas, non todo vale, hai unhas limitacións.

-PREGUNTAS ORAIS:

- **Do PP:**

1ª PREGUNTA. Con data de hoxe vimos un Decreto de Alcaldía onde se acepta a subvención pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo dentro do marco de compensación ambiental por importe de 36.735€ para o proxecto “Programa de protección ambiental 2021 do Concello de Outes” no que entra limpeza e mantemento e conservación de espazos de alto valor ambiental, restauración da senda turística do Albán, equipamento e instalación para a mellora da recollida selectiva de residuos.

1. Cales son os espazos de alto valor ambiental nos que van a actuar?
2. Que partidas concretas se inclúen na restauración da senda do Albán?
3. Que equipamentos e instalacións se inclúen na mellora da recollida selectiva dos residuos?

- **Do BNG:**

1ª PREGUNTA: dende fai anos a empresa adjudicataria do 75% de mobilidade de autobús de servizo público do noso territorio, Monbus, leva recortando o seu servizo ao seu paso por Pontenafonso e incluso tamén pola Serra. O de Pontenafonso é o máis sángrante pola Serra aínda pasan cunha frecuencia importante pero por Pontenafonso ven de anunciar nos últimos días despois de facer recortes que o servizo a partir de agora vai ser a demanda. É dicir, eu maña quero ir a Santiago e teño que chamar hoxe a estación de autobuses de Muros para dicirlle que a liña ten que pasar pola ponte para recollerme ou a inversa se quero ir a Muros teño que avisar a estación de autobuses de Noia para dicirlle que me dirixo a Muros ou a Carnota.

Que pensa facer o Concello cunha empresa e cunha liña que foi adjudicada nunhas condicións e que agora a empresa se dedica a recortar en beneficio seu? Entendemos que coa aprobación ou omisión ou mirar para outro lado da Consellería



de mobilidade porque senón outra explicación non ten que non cumpra cos pregos de condicións da licitación coa que foi adxudicada.

Creemos que é un tema importante, xa vemos como o goberno do PP entende os servizos públicos, beneficios para as empresas e recortes para os usuarios. Preocúpese por favor de restaurar as liñas e se non poden ser horarias polo menos de cada dúas horas.

7. ROGOS.

- Do PP:

1º ROGO

Na pista polideportiva que hai preto da igrexa de San Cosme hai unha gran cantidade de verteduras, dende cascaios ata restos de madeira pasando por electrodomésticos e demais historias. Pedímoslle ao goberno municipal que tome as medidas oportunas para a súa retirada.

2º ROGO

Varios veciños da Travesía AC 550 ao seu paso polo Freixo fixéronnos chegar o seu malestar polo estado no que se encontran as arbores que hai nunha finca detrás das súas vivendas e que invade as súas propiedades. Sabemos que vostedes xa son coñecedores desa situación, polo que, rogámoslles que fagan o preciso para solventar este problema.

3º ROGO

Usuarios do parque infantil de San Cosme están molestos polo estado de abandono da limpeza que presenta o mesmo. Pedímoslles que procedan a súa limpeza para que os rapaces poidan facer uso del con comodidade e seguridade.

4º ROGO

Varios veciños que fan uso peonil do vial que vai dende a pista das Laxes ata AC550 en Cruceiro de Roo dinnos que debido a falta de limpeza das leiras da mesma teñen que andar pola plataforma e co conseguinte perigo que supón para a seguridade vial. Ademais de ese vial as beirarrúas que van dende o cruce do Cruceiro ata a igrexa presentan un estado que non sabería como calificar, lamentable paréceme un termo moi suave para definilas. Están por moitos sitios non se pode andar por



elas, están rotas ... Rogamos ao goberno que proceda canto antes a limpeza deses dous viais.

5º ROGO

Dende xa fai moito tempo vimos advertindo a gran proliferación de fochas en numerosas estradas municipais, entre moitas outras a subida de Entins cara o Catelo, de Bendimón a Canteiriña ... e mencionamos estas para poñer algúns exemplos porque en realidade por todas as parroquias hai casos similares. Rogámoslle ao goberno que fagan unha inspección da situación e que procedan a levar canto antes ao arranxo, xa que supón un perigo importante para a seguridade vial. Sabemos que moitos veciños viñeron a expresar as súas queixas ao Concello.

6º ROGO

Por outra parte veciños de Brión achegáronnos o seu malestar polo estado dun derrubamento na estrada que hai dende Brion cara o colexio do Cruceiro aínda que leva varios días sinalizado cunha cinta de obra ao noso modo de ver unha moi escasa sinalización, ven que non se toman nin máis medidas para sinalizar mellor nin se ve que se acometa ningunha actuación para o seu arranxo. Pedímoslle que lle dean solución a este grave problema ao igual das situación que lle vimos de expoñer que supoñen un perigo para a seguridade vial dos usuarios da via.

7º ROGO

No cruce de Cambeiro de Abaixo falta unha sinal de stop e sabemos polos veciños que xa lle foi reclamada en varias ocasións e que xa lles foi reclamada. Pedímoslle que fagan isto canto antes.

8º ROGO

Cumpran parte do acordo plenario de novembro do ano pasado no que se aprobaban a limpeza das veiras e da plataforma da estrada que une Entins con Fontenlos. Non lles vou a describir o estado no que se atopa, que é o que lles veño relatando todo este tempo. Non o vou a facer porque voules dar un voto de confianza que penso sinceramente que non o merecen e vou a pensar que aínda que non fixeron nada ao respecto tiveron vostedes a consideración cos veciños de Fontenlos e cos usuarios do vial e foron vostedes a ver a situación na que se atopa. Rogámoslle que procedan a adecentar esa estrada.



- **Do BNG:**

Parroquia de Valadares:

- É unha das parroquias onde teñen canalización de saneamento pero non depuradora, aínda así hai veciños que conectaron as súas vivendas a súa canalización, polo que nos atopamos que esa canalización verte leiras e cunetas deste lugar. Rogamos que actúen con urxencia polo risco de saúde que implica todo isto.
- Rogamos que arranxen a estrada que conecta Terelle con Esperante e que canalicen as pluviais nos puntos máis críticos.
- Rogamos que arranxen a rotura da vía de auga diante da casa Nº8 de Lestaio.
- Rogamos que asfalten a pista da agra do Redondo e actuación para solventar as pedras que bota a auga ao vial.
- Os lugares de Vila do Monte, Sendón e Xendil teñen uns fochancas nos viais interiores inaceptábeis. Rogamos que actúen para arranxalos.
- Rogamos que asfalten dende as Touzas ate ADISBISMUR.
- Sendo coñecedores dos problemas que puxo patrimonio no pasado, insistimos na necesidade de darlle unha boa solución á praza de Valadares. Rogamos que inicien conversas ou xestións para buscar unha alternativa.
- No pleno anterior aprobaron vostedes a súa proposta de arranxos en camiños forestais nas que, unha vez máis, se esqueceron da parroquia de Valadares. Non se lles ocorreu arranxar absolutamente ningún dos moitísimos camiños que necesitan, diariamente, os nosos veciños que se adican á explotación gandeira.
- Moitos camiños que levan anos abandonados e que, pola contra, se usan día si e día tamén.
- Existen moitos lugares de Valadares que presentan enormes deficiencias en telecomunicacións, moitas veces carecendo incluso de sinal telefónica.



Rogamos que o concello faga as xestións necesarias para solventar estes problemas.

Parroquia de San Cosme:

- Arranxar o camiño que usan as mariscadoras na Barquiña, poñer varandas de seguridade (é un auténtico), poñer algún punto de luz a maiores e aumentar o mantemento e desbroce que moitas veces é inexistente.
- Parcheado no camiño Albeida-Rates, presenta deficiencias nalgúns lugares.
- Aumentar o mantemento do paseo de Albeida, que actualmente é unha auténtica xungla e deberíaselles caer a cara de vergoña cando xa nos dixeron que ían moito por alí.
- Rogamos que se inicie de xeito urxente unha negociación para decidir o que facer coas escaleiras de Albeida e barallar diferentes propostas máis alá de derrubar ou facelas novas.
- Rogamos que limpen a fondo a praia da Sarnela.
- Algúns camiños interiores de Rates presentan deficiencias que hai que solventar.
- Son ben coñecidas as dificultades para aparcар en Broña en temporada alta e, sabendo que o arranxo que se está facendo podería solventalo, en parte, a pesar de que lle resta espazo coas dúas (ridículas) prazas de caravanas. Rogamos que lle dean solución ao problema e que rematen a obra a tempo.
- Rogamos que se parchee o tramo de vial entre a rotonda de Broña e o inicio do camiño a Tavilo.
- Chegou a haber 3 pantaláns recreativos na parroquia de San Cosme máis entre a falta de mantemento e as inclemencias do tempo só queda un en pé. Rogamos que se analice, estude e valore a posibilidade de restituír algún deles ou, en caso contrario, retirar por completo todos os restos que aínda quedan (Requeixo e Carreiroa).



- De novo, unhas veciñas de San Cosme, coincidindo co BNG e con moitos veciños do concello, demandan un espazo de lecer para a xuventude e para os rapaces non tan pequenos. Rogamos que atendan a esta proposta.
- É ben sabida a preocupación que ten amosado o BNG en diversas ocasións polo antigo hotel de Broña. Consideramos que, tras levar demasiados anos pechados, atópase nun estado lamentábel supoñendo un risco hixiénico para a veciñanza e visitantes máis alá de dar unha imaxe espantosa para Outes e atoparse nun lugar onde nunca se debeu edificar. Sabendo que xa houbo algunha xestión, a instancia do noso grupo, para saber en que estado legal se atopaba o inmovible e, vendo que a cousa segue parada, rogamos que o goberno faga as análises precisas e incoe o expediente de abandono para proceder co seu derribo.
- Rogamos que aumenten o mantemento do parque infantil de San Cosme.
- Rogamos que fagan os trámites precisos para que se arranxe o derrube da casa parroquial de Outes.
- Outro mes máis rogámoslle que fagan dunha vez por todas a substitución dos contedores que están en malas condicións e a dotación de anclaxes onde sexa necesario.
- -En Bendimón, xusto onde está o parque infantil, o río está a comer as marxes e isto pode resultar perigoso para a veciñanza. Sabemos que vostedes son coñecedores disto mais gustaríanos trasladar aquí a nosa preocupación e rogar que actúen para adecuar o lugar.
- **Do Partido Socialista:**

1 ROGO.

A ver se poden amañar ou poñerlle un pedal a fonte que está no parque infantil ao lado da piscina. Xa o fixemos o ano pasado e hai moita xente que usa esas instalacións polo que rogámoslle outra vez que se a pode poñer en funcionamento.

2 ROGO.

A recta do Freixo antes de coller o último ramal que baixa para o porto hai unha especie de selva amazónica, só lle falta os crocodilos, porque ratos, bichos, serpes e



de todo ai hai e a maiores existe o perigo de que alguén caia no lado da beirarrúa, porque isto é un perigo. Rógolle que fagan algo ao respecto.

3 ROGO

Rogámos que estudena posibilidade de facer un aparcadorio de bicicletas, non un fixo senón un destes para poder engachar as bicicletas ao feroo con un candado na praia de Broña. Sabemosq ue hai moitos usuarios que acceden á praia á bicileta e dar servizo aos usuarios.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Remata a sesión ás 22:35 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:
<https://www.youtube.com/watch?v=G86fNzvIVG4>

